



INSTRUCCIÓN 2/2011 POLA QUE SE CLARIFICAN ASPECTOS RELACIONADOS COA MATRÍCULA DOS ALUMNOS QUE SUPEREN A OPORTUNIDADE DE RECUPERACIÓN ACORDADA POLO CONSELLO DE GOBERNO DE 19 DE XULLO DE 2011

O Consello de Goberno da USC aprobou na súa sesión do 19 de xullo de 2011 o “Acordo sobre a regulación dunha oportunidade de recuperación para os plans de estudo en proceso de extinción”

Perante as dúbidas xurdidas coa aplicación deste acordo e dado que a oportunidade de recuperación pode finalizar con posterioridade ao remate do prazo ordinario de matrícula, considérase conveniente regulamentar esta cuestión para favorecer a eficacia dos resultados da oportunidade de recuperación, procede ditar unha instrución aclaratoria.

Por todo o anterior esta Secretaría Xeral, Resolve ditar a seguinte Instrución:

PRIMEIRO.-

Para realizar o exame da oportunidade de recuperación para os plans de estudo en proceso de extinción non será necesaria a realización de ningunha matrícula, sen prexuízo dos mecanismos de control que podan establecer os centros.

O alumnado que se presente ou teña intención de presentarse á oportunidade de recuperación establecida polo Consello de Goberno da USC do 19 de xullo de 2011 para materias en extinción deberá matricularse para o curso seguinte dentro dos prazos ordinarios que corresponda, e tendo en conta a cualificación outorgada nas convocatorias ordinarias.

SEGUNDO.-

Unha vez realizada a oportunidade de recuperación, o alumnado que supere materias nesta oportunidade, poderá solicitar individualmente e de forma presencial perante a UXA, a correspondente a modificación puntual da matrícula formalizada.

A modificación da matrícula poderá determinar

- a) Que se deixe sen efecto a adaptación realizada ao Grao
- b) Que se opte pola adaptación ao Grao
- c) Que inclúan ou eliminen materias de titulacións non adaptadas ao EEES.

Esta modificación non será incompatible coa que poda realizar o alumnado nos prazos ordinarios de modificación de matrícula establecidos pola USC.

TERCEIRA.-

A superación das materias na convocatoria extraordinaria de recuperación pode dar lugar, no caso de ter dereito, á renuncia da convocatoria extraordinaria de fin de carreira. Tamén poderá xerar o dereito a acollerse ao establecido no artigo 13 da Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Tendo en conta a data de aprobación do acordo do Consello de Goberno e que as cualificacións xa foran imputadas nos expedientes, no curso 2010-11 nas actas non figurará a mención de "pendente de cualificar" senón a cualificación outorgada.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2011.




Asdo: Lourdes Noya Ferreiro